# IV Olimpíada de Xeoloxía - Fase galega

**Normas de corrección :**

**Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.**



**1- O mineral da figura é:**

a) Cuarzo
b) Xeso
c) Halita
d) Calcita

**2- O fenómeno representado na anterior figura é:**

a) Dupla refracción
b)Dupla reflexión
c) Pleocroísmo
d) Dicroismo

3 - **Se o período de semidesintegración do C é de 5500 anos, e nunha rocha atopamos o 25% do contido inicial de C, a devandita rocha ten unha idade de:**

a) 5500 anos
b) 11000 anos
c) 16500 anos
d) 22000 anos

**4 -Esta estrutura fosilizada pertencía a un :**



a) Ave
b) Mamífero carnívoro
c) Réptil
d)Peixe cartilaxinoso

5- **Un obxecto de 2m de lado é representado nun papel onde agora o lado mide 2cm. A escala utilizada no papel será:**

a) 1:10
b) 1:100
c) 1:1000
d) 1:2

**6 - En que localidade de Galicia se atopa o punto de interese xeolóxico da imaxe?:**



a) Muros
b)Corme
c)Monteferro
d)Ribadeo

**7- O espesor de un estrato medido perpendicularmente de teito a muro denomínase:**

a) potencia
b) buzamento
c) afloramento
d) anchura

8- **Que rasgo xeomorfolóxico aparece sinalado coa frecha nesta foto das Illas Cíes?**

a) Cantil
b) Frecha
c) Tómbolo
d) Enseada



**9. Que figura legal de protección teñen recoñecida estas illas?**

a- Parque Nacional
b- Parque Natural
c- Lugar de Interese Comunitario
d- Monumento Natural

**10- O presente é a chave do pasado" Esta frase sintetiza, qué principio xeolóxico?**

a) Uniformismo
b) Catastrofismo
c) Neocatastrofismo
d) Actualismo

**11. A forma da Terra é:**

a) elipsoide
b) esferoide
c) xeoide
d) esfèrica




Contesta as seguintes cuestións relativas ó corte xeolóxico da figura (números do 12 ó 17)

12- **A última fase de pregamento aconteceu entre a formación dos materiais:**

a) 2 e 3
b) 1 e 2
c) 4 e 5
d) 3 e 4

**13- A falla é:**

a) Normal, cun salto aproximado de 1,5 km
b)Inversa , cun salto aproximado de 1,5 km
c)Normal, cun salto aproximado de 0,5 km
d)Inversa, cun salto aproximado de 0,5 km

**14- O contacto entre os materiais 3 e 4 é unha:**

a) Desconformidade
b) Inconformidade
c) Discordancia angular
d) Paraconformidade

**15- O sistema xeomorfolóxico da formación nº 5 é:**

a) Un sistema kárstico
b) Un sistema volcánico
c) Un sistema eólico
d) Un sistema glaciar

**16- Na historia xeolóxica da figura, cal secuencia destas é a verdadeira?**

a) pregamento - falla – discordancia
b) falla – pregamento – discordancia
c) pregamento- discordancia- falla
d) discordancia- falla- pregamento

**17- Que axente xeomorfolóxico está actuando sobre no material nº 6 ?**

a ) Un río formando trerrazas
b) Un río formando unha chaira de inundación
c) Un glaciar transportando unha morea
d) Un torrente modelando un barranco

**18- Se queremos ver en Galicia grandes dobras tumbadas debemos acudir …**

a) á zona de O Pindo
b) á zona de Cabo Ortegal
c) á zona de O Courel
d) á zona de O Barco de Valdeorras

**19- Que mineral é?:**



a) Turmalina (variedade chorlo)
b) Sillimanita
c) Estaurolita (macla cruz de ferro)
d) Andalucita (variedade quiastolita)

**20- As condicións de formación deste mineral son tipicamente:**

a) magmáticas
b) evaporíticas
c) de alteración superficial
b) metamórficas

**21- A textura dunha rocha constituida por fenocristais e unha matriz de cristais moi pequenos é :**

a.- afanítica equigranular.
b.- fanerítica inequigranular.
c.- porfídica.
d.- vítrea.

**22- Os piroclastos son :**

a.- lavas orixinadas en cuncas oceánicas.
b.- lava basáltica moi fluída.
c.- sólidos incandescentes de rochas pulverizadas ou de lava.
d.- masa de cascotes de aspecto áspero e desigual.

**23- O nome do fósil representado é:**

a) Sigillaria
b) Pecopteris
c) Glossopteris
d) Lepidodendron



**24- É fosil típico do sistema:**

a) Carbonífero
b) Paleozoico
c) Era Primaria
d) Silúrico

**25- O límite entre codia e manto é :**

a.- discontinuidade de Mohorovicic.
b.- discontinuidade de Gutenberg.
c.- nivel D.
d.- zona de sombra.

**26 - A escala de Mercalli está relacionada con :**

a.- a amplitude das ondas.
b.- a enerxía liberada
c.- a valoración dos danos.
d.- a magnitude dos terremotos.




**27 - O nº 8 está sinalando á placa :**

a) Filipina
b) Cocos
c) Nazca
d) Caribe

**28- Nova Zelanda atópase preto de:**

a) Unha falla transformante e unha fosa
b) Unha dorsal asísmica
c) Un rift activo
d)Unha falla transformate e unha dorsal

29- **A estratifición cruzada planar é tipica**

a) nas dunas de tipo eólico
b) nos depósitos de ladeira
c)os depósitos glaciares
d) nas barras de meandros fluviais

**30- En que sistema cristalográfico cristaliza o mineral da figura:**

a) Rómbico
b) Cúbico
c) Trigonal
d) Monoclínico



**31- O mineral da figura anterior é:**

a) Galena
b) Molibdenita
c) Granate
d) Pirita

**32- Se son aplicadas correctamente as medidas de protección fronte ós riscos naturais :**

a.- redúcense ou anúlanse os seus efectos sobre as persoas e bens.
b.- pódese evitar que ocorran os sucesos.
c.- elimínanse as circunstancias que provocan os sucesos.
d.- redúcese a vulnerabilidade.

**33- Qué característica, das seguintes, presenta a codia oceánica respecto á codia continental :**

a.- é xeolóxicamente mais nova
b.- é granítica
c.- é menos densa
d.- é mais grosa

**34- En que periodo xeolóxico viviron os Pteranodóns**

a) Triásico
b)Xurásico
c)Cretácico
d) Mesozoico



**35- Un acuífero é:**
a) Unha acumulación de auga subterránea
b) Unha formación xeolóxica que acumula auga que se pode extraer
c)Un lago subterráneo
d) Unha corrente subterránea de auga

**36 Un batolito é:**
a) unha coada de lava de gran extensión
b) un dique de disposición horizontal
c) un corpo intrusivo lenticular
d) un corpo granítico de grandes dimensións

**37- Este mineral é un:**




a) Nesosilicato
b) Tectosilicato
c) Filosilicato
d) Inosilicato

**38- A dureza deste mineral é:**
a) Grao de 3 a 6 na Escala de Mohs
b) Alta por raiar ó cuarzo
c)Intermedia por raiar á fluorita e ser raiado pola ortosa
d) Baixa, por poderse raiar coa unlla

**39- O cuarzo e a calcita son:**
a) Polimorfos
b)isomorfos
c)politipos
d)ningunha é correcta

**40- O xacementos de ouro mais frecuentes en Galicia eran de tipo:**
a) hidrotermais
b) alteración
c)fumarolas
d) placer

**41- Dentro da morfoloxía granítica, esta imaxe é:**
a) Unha pía
b) un taffoni
c) un lapiaz
d) unha cheminea de fadas



**42- A imaxe amosa:**



a) un granito con textura graúda
b) un granito con textura rapakivi
c) un basalto con textura porfídica
d) un basalto con textura microlítica

**43- Cal destas oroxenias deu lugar á formación da meirande parte dos materiais xeolóxicos de Galicia?**
a) Oroxenia Alpina
b) Oroxenia Caledoniana
c) Oroxenia Huroniana
d) Oroxenia Hercínica ou Varisca

**44- Cal destas ciencias estudia as augas subterráneas:**

a) Hidroloxía
b)Hidroxeoloxía
c)Hidrodinámica
d) Oceanografía

**45- Que nome recibe a estrutura sinalada coa frecha?:**

a) Klippe
b)Xanela tectónica
c) Escama tectónica
d)Diáclase




**46- Para definir un risco téñense en conta os factores de:?**

a) Perigosidade, exposición e vulnerabilidade
b) Perigosidade, sensibilididade e magnitude
c) Magnitude, intensidade e destrutividade
d) Vulnerabilidade, magnitude e intensidade

**47- Cal destes 4 nomes non se corresponde co de alguén destacado na investigación xeolóxica:**

a) Hutton
b) Wegener
c) Dalton
d)Parga Pondal

48- **Que tipo de ondas sísmicas poden propagarse polo núcleo externo da Terra**

a.- P e L
b.- P e S
c.- só P
d.- só S

**49- Indica cal destes procesos non acontece na meteorización química:**

a)carbonatación
c)hidrólise
d)crioclastia
e)oxidación

**50- A figura representa unha paisaxe de orixe**

a) kárstica
b) volcánica
c) granitica
d) tectónica

